



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

Asunto: convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de data 29-11-2021. Expte. 2021/G007/000009.

Visto o expediente de contratación de servizos para a numeración dixital. 2021/C004/000003, que debe licitarse de inmediato, ao tratarse dun expediente subvencionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Asemade, proceder dar conta das resolucións adoptadas pola Alcaldía avocando competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o artigo 113 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar a sesión **extraordinaria** que realizará a Xunta de Goberno Local que terá lugar o vindeiro **luns, 29-11-2021**, na Casa Consistorial do Concello de Ponteceso, **ás 11:00h**, en primeira convocatoria e se procederá en segunda de acordo con estipulado no artigo 90.2 do ROF. A partires desta data ten vostede á súa disposición, na Secretaría do Concello, os antecedentes relacionados con asuntos que figuran na seguinte

ORDE DO DÍA

1.-Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. **Acta da sesión celebrada o 21-07-2021**

2.- Aprobación e adxudicación de expedientes de contratación:

- Aprobación do expediente de contratación de servizos para a numeración dixital. 2021/C004/000003

3.- Dación de conta de decretos da Alcaldía avocando competencias delegadas na Xunta de Goberno Local:

-Resolución da Alcaldía número 549/2021, de 31 de agosto, de adxudicación da obra: MELLORA ACCESOS PARQUE EMPRESARIAL DE TELLA (FASE I)

-Resolución da Alcaldía número 610/2021, de 23 de setembro, de aprobación do proxecto e inicio de expediente de contratación da obra: MELLORA CAMIÑOS PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER).

-Resolución da Alcaldía número 712/2021, de 10 de novembro, de adxudicación do contrato de obras: MELLORA CAMIÑOS PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER).

Segundo.- Notificar este decreto de convocatoria a tódolos membros da Xunta de Goberno Local así como á secretaria en réxime de acumulación de funcións e interventora do Concello.

Ante min, a secretaria en réxime de aumulación de tarefas, para os efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018 .

Documento asinado electronicamente á marxe



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

SRA. SECRETARIA EN REXIME DE ACUMULACIÓN

SRA. INTERVENTORA

SRES/SRAS. CONCELLEIROS/AS

D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ

D^a MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.